



CONCELLO DE OLEIROS

ANUNCIO

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir unha praza de **técnico/a informático/a** (persoal laboral fixo), polo sistema de concurso oposición, de acordo coas bases aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, do 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordo artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o tribunal acorda:

Primeiro.- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen na convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

Segundo.- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día 21 de marzo de 2024 no Centro Municipal de Formación (rúa dos Regos, 24, Liáns, Oleiros). O chamamento comezará ás 12.30 h polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra "V". As persoas aspirantes deberán vir provistas do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario do tribunal, Marcos Veiga Rodríguez.

Anexo batería preguntas:

1. Cal das seguintes afirmacións non é correcta?
 - a) CentOS é unha distribución de linux.
 - b) Redhot é unha distribución de linux.
 - c) Squid é un servidor proxy.
 - d) SIR é un sistema de interconexión de rexistros.
2. Que é AutoFirma?
 - a) Unha aplicación desenvolvida pola Administración que permite firmar electronicamente documentos.
 - b) Unha aplicación para xerar facturas en formato Facturae.
 - c) Un visor de facturas electrónicas.
 - d) A aplicación Autofirma non existe.





CONCELLO DE OLEIROS

3. Cal dos seguintes produtos software é adecuado para unha aula de uso público para non permitir cambios na configuración e para evitar virus/malware?
 - a) Deep Freeze
 - b) Rosmiman
 - c) Appollo
 - d) Menfis
4. Cal das seguintes afirmacións é falsa?:
 - a) Un dos obxectivos do ENS é crear as condicións necesarias de confianza no uso dos medios electrónicos.
 - b) A auditoría de seguridade é un elemento principal do ENS.
 - c) O Esquema Nacional de Interoperabilidade establece os principios e directrices de interoperabilidade no intercambio e conservación da información electrónica por parte de Administracións Públicas.
 - d) A Norma Técnica de Interoperabilidade de Documento Electrónico aínda non se aprobou.
5. Cal das seguintes afirmacións é falsa?:
 - a) OSCP é Online Certificate Standard Protocol.
 - b) PKI é Public Key Infrastructure.
 - c) CA é a autoridade de certificación e RA a autoridade de rexistro.
 - d) CRL é a lista de revogación de certificados.
6. Cal das seguintes sentenzas SQL Oracle é correcta?
 - a) `SELECT MIN(salario), sucursal FROM WHERE empresa='101' GROUP BY sucursal HAVING COUNT(*) > 3`
 - b) `SELECT MIN(salario), sucursal FROM empregados WHERE empresa='101' GROUP BY sucursal COUNT(*) > 3`
 - c) `SELECT MIN(salario), sucursal FROM empregados GROUP BY departamento WHERE empresa='101' HAVING COUNT(*) > 3`
 - d) `SELECT MIN(salario), sucursal FROM empregados WHERE empresa='101' GROUP BY sucursal HAVING COUNT(*) > 3`
7. Cal dos seguintes ataques utiliza técnicas de enxeñería social?
 - a) Phishing
 - b) Teardrop
 - c) DOS
 - d) Sniffing
8. Se nun sistema Linux (CentOS) executamos o comando: `ps -A |grep zabbix`
 - a) Permítenos saber se o proceso axente zabbix está a executarse.
 - b) Detén o axente zabbix se se está executando.
 - c) Xera un erro, o parámetro `-A` non é correcto.
 - d) Xera un erro, a sintaxe non é correcta.
9. De que protocolo da pila tcp/ip fai uso o ping?
 - a) tcp
 - b) udp
 - c) icmp
 - d) http
10. Que tipo de tráfico controla un firewall?
 - a) O entrante





CONCELLO DE OLEIROS

- b) O saínte
 - c) Ambos
 - d) Nengún
11. As tarxetas de Rede inalámbricas teñen un número identificativo único que se chama:
- a) SSID
 - b) MAC
 - c) ESSID
 - d) UUID
12. Que protocolo usa o cliente de Citrix para permitir aos usuarios executar aplicacións publicadas en servidores de Citrix XenApp
- a) ICA
 - b) IMA
 - c) DÍA
 - d) ACID
13. Que tipo de estrutura de cableado permite alcanzar maior distancia:
- a) fibra multimodo
 - b) fibra extramodo
 - c) fibra monomodo
 - d) fibra unimodo
14. Que porto por defecto usan os servidores de protocolo https:
- a) 8080
 - b) 80
 - c) o que queira o navegador
 - d) 443
15. Cal dos seguintes conceptos non ten que ver coa tolerancia a fallos?
- a) Redundancia
 - b) Raid 5
 - c) SSL
 - d) Distribución de carga en granxas de servidores
16. Como se denomina ao software ou computadora cuxa intención é atraer a atacantes, simulando ser sistemas vulnerables ou débiles aos ataques
- a) Botnet
 - b) Bastión host
 - c) Script kiddie
 - d) Honeypot
17. Cal das seguintes frases é falsa
- a) LDAP é un protocolo para acceder á información dun servizo de directorio.
 - b) O porto por defecto para LDAP sobre SSL é 636.
 - c) Active Directory é o nome utilizado por Microsoft para o seu almacén centralizado de información baseado en LDAP.
 - d) Os directorios LDAP están fortemente optimizados para o rendemento en escritura .
18. Se un SAI está simplemente deixando pasar a corrente que ven pola súa entrada á súa saída, sen máis. Sen estabilizala e co perigo de que se se corta a entrada non entren as baterías. Dise que está en :
- a) Standby





CONCELLO DE OLEIROS

- b) Off-Line
 - c) On-Line
 - d) By-pass
19. Se queremos cifrar e asinar unha mensaxe cun sistema de clave asimétrica:
- a) Ciframos coa nosa clave privada e asinamos coa nosa clave pública.
 - b) Ciframos coa clave pública do destinatario e asinamos coa nosa clave pública.
 - c) Ciframos coa clave pública do destinatario e asinamos coa nosa clave privada .
 - d) Ciframos coa nosa clave pública e asinamos coa clave pública do destinatario.
20. Para publicar na Web información xeorreferenciada a organización debe de dispoñer de:
- a) Un xestor de sesións
 - b) Un XIS no que se den de alta as capas de información que se queren publicar
 - c) Un sistema de xestión do mantemento GMAO
 - d) Un xestor de contrasinais, como por exemplo KeePass
21. Sobre os certificados dixitais de empregado público, cal é a correcta?
- a) Non existen.
 - b) Non se poden xerar en tarxeta criptográfica.
 - c) Non poden ser emitidos por Camerfirma.
 - d) Vinculan ao seu titular co órgano, organismo ou entidade da Administración Pública onde exerce as súas competencias, presta os seus servizos ou desenvolve a súa actividade.
22. Un certificado dixital instalado nun equipo poderá ser utilizado para asinar dixitalmente noutro equipo se:
- a) Se se exporta coa clave privada.
 - b) Da igual como se exporte se no proceso de importación no novo equipo se marca a opción "Habilitar protección segura de clave privada".
 - c) Se se solicita autorización ao prestador de servizos de certificación que o emite.
 - d) Non se pode exportar o certificado dun equipo a outro. Ten que facerse por medio do certificado orixinal proporcionado polo prestador de servizos de certificación.
23. Os privilexios de acceso a unha aplicación corporativa deben ser aprobados por:
- a) O departamento de Informática.
 - b) O superior xerárquico do usuario que solicita o acceso.
 - c) O superior xerárquico do usuario que solicita o acceso e o departamento responsable da información que manexa a aplicación.
 - d) Debe ser aprobado polo propio usuario que solicita o acceso.
24. Cal é a secuencia correcta na que se aplican as cláusulas Where, Group By e Having nunha consulta SQL?
- a) Having, Group By, Where
 - b) Group By, Where, Having
 - c) Where, Having, Group By
 - d) Where, Group by, Having
25. A consulta SQL
- ```
SELECT *
FROM A LEFT JOIN B
ON A.id = B.id
WHERE B.id IS NULL;
```
- a) Devolve o conxunto de rexistros que están tanto na táboa A como na táboa B.





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) Devolve o conxunto de rexistros que están na táboa B.
  - c) Devolve o conxunto de rexistros que só están na táboa A.
  - d) Devolve o conxunto de rexistros que só están na táboa B.
26. Cal das seguintes afirmacións acerca do DNI electrónico non é correcta:
- a) Incorpora dous certificados dixitais, un de autenticación e outro de firma.
  - b) Pode utilizarse como medio de almacenamento para outros certificados dixitais, como pode ser o de emprego público.
  - c) De acordo coa lei 39-2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, pódese utilizar como medio de identificación e sinatura electrónica nos procedementos administrativos.
  - d) A renovación dos certificados dixitais incluídos no DNI electrónico é voluntaria, gratuíta e por iniciativa do cidadán.
27. Un SAI online :
- a) Ten un tempo de conmutación baixo.
  - b) Non filtra os microcortes.
  - c) Non ten tempo de conmutación.
  - d) Nunca entra en modo by-pass.
28. A que estándar pertence o algoritmo de compresión de audio popularmente coñecido como MP3?
- a) MPEG-1 e MPEG-2
  - b) MPEG-5
  - c) MPEG-4
  - d) Ningunha das anteriores
29. Que é LVM en Linux?
- a) Un xestor de volumes de almacenamento
  - b) Un compoñente para implementar balanceadores de carga
  - c) Un xestor de seguridade baseado en privilexios
  - d) Un sistema de ficheiros transaccional
30. Que clase de rede IP se corresponde coa máscara 255.255.255.0?
- a) Clase A
  - b) Clase B
  - c) Clase C
  - d) Clase D
31. En sistemas Windows, o comando: ping dirección -t:
- a) Fai un ping á dirección ata que se produce un timeout.
  - b) Fai un ping á dirección e grava o resultado nun ficheiro.
  - c) Produce un erro dado que ese parámetro non está soportado.
  - d) Executa o ping á dirección indicada de maneira continua ata que terminemos a execución do comando.
32. O protocolo SIP foi desenvolvido por:
- a) A ITU-T
  - b) O IETF
  - c) A ISO
  - d) O ANSI
33. Cal dos seguintes non é un sistema de xestión documental?





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Alfresco
  - b) Documentum
  - c) Momentum
  - d) Docuware
34. Cal dos seguintes é un sistema de xestión de incidencias?
- a) Jira
  - b) Wandaware
  - c) PLACE
  - d) Cividas
35. Cal dos seguintes non é un formato de sinatura electrónica?
- a) DocxAdES
  - b) XAdES
  - c) CAdES
  - d) PAdES
36. Cal das seguintes non é unha ferramenta de xestión do inventario sw?
- a) Network Inventory Advisor
  - b) Asset Panda
  - c) Asset Explorer
  - d) FACE
37. Cal das seguintes afirmacións non é correcta?
- a) Cividas é unha plataforma de xestión de expedientes.
  - b) ePOB permite xestionar o padrón municipal.
  - c) SIR é unha plataforma de xestión de notificacións.
  - d) SICAL é unha ferramenta de xestión económica.
38. Nun servizo de TI?
- a) Todo o persoal debe realizar todo tipo de funcións.
  - b) Unha incidencia pode ser escalada a un nivel superior no caso de que o nivel inferior non poida resolvela.
  - c) A atención ó usuario debe ser realizada sempre polos niveis altos.
  - d) O escalado dunha incidencia non se debe dar nunca.
39. Cantos canais de voz ten un primario?
- a) 15
  - b) 10
  - c) 30
  - d) 150
40. Cal é o porto POP3 determinado?
- a) 25
  - b) 110
  - c) 80
  - d) 443
41. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?
- a) Cytomic é un produto EDR.
  - b) Un SIEM é un sistema de xestión de ciberseguridade.
  - c) PLACE é unha ferramenta de seguridade do CCN.
  - d) Guacamole permite a publicación de escritorios.





## CONCELLO DE OLEIROS

42. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?
- microCLAUDIA é unha ferramenta do CCN.
  - Cytomic é unha ferramenta do CCN.
  - LUCIA é unha ferramenta do CCN.
  - EMMA é unha ferramenta do CCN.
43. Que é o CCN?
- O centro criptolóxico novo
  - O centro criptolóxico nacional
  - O common criteria network
  - O centro computacional nacional
44. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?
- En Microsoft Exchange non se poden configurar carpetas compartidas.
  - Microsoft Exchange é un sistema de xestión de correo electrónico.
  - O cliente nativo de Microsoft Exchange é Outlook.
  - En Microsoft Exchange pódense configurar carpetas compartidas.
45. Que é PoE?
- Power over Ethernet
  - Power over Exchange
  - Printing over Ethernet
  - Power Opened Ethernet
46. Cal destes colectivos se debe relacionar obrigatoriamente de forma electrónica coa Administración?
- As persoas físicas
  - As persoas xurídicas
  - As persoas físicas maiores de idade
  - As persoas físicas maiores de idade e menores de 65 anos
47. Cal das seguintes non é unha ferramenta de rexistro electrónico:
- Aires
  - Registr@
  - Geiser
  - Cl@ve
48. Cal das seguintes afirmacións non é correcta?
- Autofirma é unha aplicación de firma usada en moitas sedes electrónicas.
  - Google Chrome e Microsoft Edge comparten o almacén de certificados electrónicos en windows.
  - Google Chrome e Firefox comparten o almacén de certificados electrónicos en windows.
  - O Dni electrónico contén dous certificados electrónicos, un para firma e outro para autenticación.
49. Indica cal das seguintes afirmacións referentes ao sistema Cl@ve é correcta:
- O rexistro en Cl@ve por parte de un cidadán só se pode facer a través de Internet por medio dunha videochamada.
  - Existen dous modelos de rexistro: o básico e o avanzado.
  - O nivel básico de rexistro permite o acceso aos mesmos servizos que o nivel avanzado.
  - Para utilizar o sistema Cl@ve é imprescindible posuír un certificado dixital.





## CONCELLO DE OLEIROS

50. Cal dos seguintes é un sistema de identificación, Autenticación e Firma electrónica para os cidadáns común a todo o Sector Público Administrativo Estatal?
- Valide
  - Dehú
  - Notific@
  - Cl@ve
51. Se un cidadán quere presentar unha solicitude por rexistro no Concello de Oleiros de xeito telemático pode facelo a través de:
- O Rexistro Electrónico Xeral da Administración Xeral do Estado
  - Notific@
  - O portal de correos.es
  - Desde o PAE - Portal de Administración Electrónica.
52. Un Código Seguro de Validación (CSV)
- É un código único que identifica un documento electrónico e garante a súa integridade mediante o cotexo na sede electrónica do organismo que xerou o documento.
  - Non se imprime no propio documento, se non que vai oculto xunto coa sinatura dixital.
  - Pode ser compartido por varios documentos distintos xerados nunha mesma administración.
  - Ten unha lonxitude máxima de 4 díxitos.
53. De acordo coa Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:
- Todas as notificacións emitíranse exclusivamente por medios electrónicos.
  - As persoas xurídicas están obrigadas a recibir as notificacións a través de medios electrónicos.
  - As persoas físicas están obrigadas a recibir as notificacións a través de medios electrónicos.
  - Ninguén está obrigado a recibir as notificacións por medios electrónicos.
54. Segundo a norma técnica de Interoperabilidade de Dixitalización de Documentos, o documento electrónico obtido a través dun proceso de dixitalización está composto por:
- A imaxe electrónica do documento dixitalizado
  - A firma electrónica da imaxe
  - Os metadatos do documento
  - A imaxe electrónica, o conxunto de metadatos mínimos obrigatorios e, se procede, a firma da imaxe electrónica de acordo coa normativa aplicable
55. Cal das seguintes afirmacións é correcta sobre as táboas vinculadas en Access:
- Non existe o concepto de táboas vinculadas.
  - Nunha táboa vinculada pódese acceder aos datos e modificalos.
  - Nunha táboa vinculada pódese acceder aos datos, pero nunca modificalos.
  - Unha táboa vinculada non se pode asociar a un informe ou formulario.
56. Que é un XIS?
- É un Sistema de Información Xeográfica que permite traballar con información xeolocalizada.
  - Non existen aplicacións tipo XIS.
  - É un Sistema de deseño para a elaboración de planos de edificios.







## CONCELLO DE OLEIROS

- d) E un Sistema Informático de Xestión municipal que inclúe todas as aplicacións necesarias para o correcto funcionamento dun concello.
57. Sobre A lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal é a correcta?
- a) É de aplicación a calquera tipo de tratamento de datos.
  - b) Non é de aplicación aos tratamentos sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.
  - c) Non é de aplicación ao tratamento de datos polas administracións públicas.
  - d) Todas as anteriores son correctas.
58. Cal das seguintes afirmacións sobre o consentimento dos menores de idade é correcta, segundo a lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:
- a) Unha persoa menor de idade maior de dez anos pode dar o consentimento para o tratamento dos seus datos persoais.
  - b) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.
  - c) O tratamento dos datos de persoas menores de dezasete anos, fundado no consentimento, só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela, co alcance que determinen os titulares da patria potestade ou tutela.
  - d) Nunca se poden tratar datos persoais de persoas menores de idade.
59. Se nunha sede electrónica se indica que se fai uso da aplicación Autofirma para os servizos que requiren sinatura:
- a) Non é necesario ningunha instalación previa no equipo dende o que se accede á sede.
  - b) É necesario a instalación previa do compoñente Autofirma.
  - c) Non se pode realizar o proceso de sinatura dende un dispositivo móbil, pois non existe ningunha versión para dispositivos iOS ou Android.
  - d) Todas as anteriores afirmacións son incorrectas.
60. Cal das seguintes afirmacións sobre a plataforma de notificacións electrónicas, Notific@, é incorrecta:
- a) O uso da plataforma pode ser a través da aplicación Web que o Ministerio pon a disposición das distintas administracións ou ben mediante a integración dun sistema de información a través de Servizos Web.
  - b) Un sistema de información que fai uso dos servizos web para integrarse coa plataforma de notificacións electrónicas debe dispoñer do servizo Adviser que permite obter unha comunicación automática do estado dos envíos cando se produza unha modificación de dito estado.
  - c) O uso da plataforma só é posible a través dunha aplicación Web .
  - d) As notificacións electrónicas emitidas a través de Notific@ serán accesibles para a persoa interesada a través do deHú.
61. Que afirmación das seguintes é correcta respecto a un ficheiro con extensión .xsig?
- a) Trátase dun documento de texto con formato, que se pode visualizar directamente dende un procesador de textos.
  - b) É un ficheiro equivalente a un ficheiro con extensión bmp.
  - c) Non existen ficheiros con extensión xsig.
  - d) É un ficheiro firmado dixitalmente en formato XAdES.





## CONCELLO DE OLEIROS

62. Que comando utilizarías para parar o servizo “tomcat” nun servidor Linux?
- systemctl stop tomcat
  - shutdown stop tomcat
  - ctlssystem stop tomcat
  - syscontrol stop tomcat
63. Cal das seguintes afirmacións é correcta?
- Microsoft Edge si soporta XAVA.
  - Microsoft Edge non é o navegador predeterminado en Windows 10.
  - Windows 11 xa non inclúe Internet Explorer.
  - En Windows 10 non é posible executar as versións actualizadas de Google Chrome.
64. A rede IP 193.144.48.64 con máscara 255.255.255.192. Cal é a dirección de broadcast?:
- 193.144.48.127
  - 193.144.48.65
  - 193.144.48.191
  - 193.144.48.255
65. No sistema operativo Windows 10 Professional, cal dos seguintes comandos non é correcto?
- ipconfig
  - ifconfig
  - netstat
  - netsh
66. Cal das seguintes afirmacións referidas a SAN e NAS é correcta?
- Unha SAN é un sistema de almacenamento centralizado en rede que permite que os servidores accedan a el como discos locais.
  - Unha SAN e unha NAS son o mesmo.
  - Unha NAS é sistema de almacenamento centralizado en rede que non permite acceso a ficheiros mediante protocolos CIFS ou NFS.
  - Unha SAN é un sistema de almacenamento centralizado en rede que unicamente permite acceso a ficheiros mediante protocolos CIFS ou NFS.
67. Que porto TCP/IP utiliza por defecto en Windows o RDP?:
- 3389
  - 9832
  - 23
  - 8080
68. Se desexásemos ter un almacenamento compartido por todo un departamento, accesible a través da rede, Que usaríamos?
- SAN
  - NAS
  - SAS
  - RAS
69. "-rwxrwxrwx 1 usuario grupo 6556 dic 31 13.31 exame" Darlle ao ficheiro exame permisos de lectura e escritura para o propietario, e permiso só de lectura para o grupo e os demais usuarios.
- chmod 644 exame
  - chmod 777 exame
  - chmod 000 exame





## CONCELLO DE OLEIROS

- d) chmod 755 exame
70. Se temos un cable UTP-5 e nun dos seus extremos os cables seguen o esquema branco-laranxa, laranxa, branco-verde, azul, branco-azul, verde, branco-marron, marron, que esquema seguirán os cables no outro extremo se é un cable cruzado:
- a) branco-verde, verde, branco-laranxa, marron, branco-marron, laranxa, branco-azul, azul
  - b) branco-laranxa, laranxa, branco-verde, azul, branco-azul, verde, branco-marron, marron
  - c) branco-verde, verde, branco-laranxa, azul, branco-azul, laranxa, branco-marron, marron
  - d) marron, branco-marron, verde, branco-azul, azul, branco-verde, laranxa, branco-laranxa
71. Que tipo de formato se permite para instalar aplicacións mediante o obxecto de instalación de software do Active Directory?
- a) com
  - b) msi
  - c) zip
  - d) cab
72. Que plantilla por defecto usa o Microsoft Word ao abrir un documento novo?
- a) normal.dotm
  - b) default.dot
  - c) init.dot
  - d) winword.dot
73. Que é un backup diferencial?
- a) Un backup de todos os cambios feitos desde o último full backup
  - b) Un backup de todos os cambios desde o último backup diferencial
  - c) Un backup de todos os cambios desde o último backup incremental
  - d) Ningunha das anteriores
74. Cal non é unha función dun sistema de Monitoraxe como Zabbix?
- a) Monitorar desde o estado dos servizos de rede, os recursos de equipos hardware, ata parámetros xeofísicos como a temperatura do CPD.
  - b) Envío de notificacións mediante múltiples métodos cando os problemas aparecen e cando se resolven.
  - c) Capacidade de definir eventos para que se executen en caso de problemas, o que permite utilizar unha estratexia proactiva na resolución de problemas.
  - d) Almacenar as claves dos distintos servidores da empresa.
75. Para manter controlado o espazo usado polos logs en sistemas Linux unha boa opción é:
- a) Conectarse e eliminar os logs de forma periódica.
  - b) Utilizar a ferramenta logrotate.
  - c) Consultar diariamente o espazo co comando df.
  - d) Ningunha das anteriores.
76. Que é Citrix XenApp?
- a) Un software que permite tomar o control dun computador en remoto.
  - b) Un software que proporciona virtualización e entrega de aplicacións.
  - c) Citrix XenApp non existe.
  - d) Un software de xestión de máquinas virtuais.
77. Un Keystore
- a) É un almacén de certificados con claves privadas.
  - b) É un sistema xestor de claves de usuario.





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) É unha base de datos de tipo clave-valor xenérica.
  - d) Todas as anteriores son certas.
78. Como se denomina ao modo de FTP no que o servidor abre conexións contra o cliente?
- a) Pasivo
  - b) Activo
  - c) Inverso
  - d) Reactivo
79. Que tecnoloxía sen fíos se coñece como wifi 6?
- a) 802.11ax
  - b) 802.11b
  - c) 802.11ac
  - d) 802.11g
80. O Kernel de GNU-LINUX:
- a) Permite a monitorización de distintos equipos e sistemas.
  - b) Encárgase de que o software e o hardware dun computador funcionen xuntos .
  - c) É un controlador de audio.
  - d) É unha aplicación que optimiza a memoria e velocidade das operacións.
81. O estándar 802.11ax utiliza a modulación:
- a) FDM
  - b) OFDMA
  - c) TDM
  - d) DTMF
82. Cal dos seguintes protocolos está orientado a conexión?
- a) IP
  - b) UDP
  - c) TCP
  - d) ICMP
83. Cal é a velocidade de E/S dunha memoria DDR5-4800:
- a) 400 MHz
  - b) 1200 MHz
  - c) 800 MHz
  - d) 2400 MHz
84. A que nos referimos cando falamos de SATA 6Gb/s?
- a) SATA 1.0
  - b) SATA 2.0
  - c) SATA 3.0
  - d) Ningún dos anteriores
85. Que software dos seguintes non se emprega para virtualización de sistemas operativos?
- a) Vmware server
  - b) VirtualBox
  - c) Xen
  - d) Virtual Clone drive
86. Cal das seguintes afirmacións é falsa?
- a) DNS Spoofing é un ataque de suplantación de identidade.
  - b) IP spoofing un ataque de suplantación de identidade.





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) DTP(Dynamic Trunk Protocol) é un protocolo de Cisco.  
d) DDoS non é un ataque de denegación de servizo.
87. No DNS o rexistro MX:
- a) Indica que o servidor esta en México.
  - b) Sinala o servidor de correo do dominio.
  - c) Referencia un alias dun nome de domino.
  - d) Ningún dos anteriores.
88. Para asociar un nome de dominio cunha IPv6 utilizamos un rexistro:
- a) A
  - b) AA
  - c) AAA
  - d) AAAA
89. Para funcionar a 10GBASE-T a lonxitude máxima dun cable Cat 6 sen blindaxe é de:
- a) 25 metros
  - b) 55 metros
  - c) 75 metros
  - d) 100 metros
90. Cal destes non é un protocolo de VoIP?
- a) H.323
  - b) SIP
  - c) OVNI
  - d) IAX
91. O software de Microsoft para a implementación de sistemas operativos chámase:
- a) Windows Deployment Services (WDS)
  - b) Windows Installing Services (WIS)
  - c) Operating System Deployment (OSD)
  - d) Ningún dos anteriores
92. Nun sistema GNU/Linux para traballar con certificados usaremos a utilidade:
- a) openssl
  - b) certiftool
  - c) opencerti
  - d) Ningún dos anteriores
93. Como se chama o método para crear redes lóxicas independentes nunha rede física?
- a) VNET
  - b) VLAN
  - c) LNET
  - d) Ningún dos anteriores
94. Cal destas conexións utiliza sinais analóxicas?
- a) HDMI
  - b) DVI
  - c) VGA
  - d) DisplayPort
95. Que significa responsive design relacionado con páxinas web?
- a) Que a páxina usa javascript.
  - b) Que as páxinas se adaptan ao dispositivo que se está utilizando.





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) Que se trata dunha páxina segura.
  - d) Que a páxina non usa javascript.
96. Que é Camerfirma?
- a) Unha autoridade de certificación dixital cualificada
  - b) Unha aplicación de firma electrónica
  - c) Un sistema de xestión de notificacións electrónicas
  - d) Ningunha das anteriores
97. Que é un selo de órgano?
- a) É un tipo de firma electrónica utilizada polas persoas físicas que permite identificar e autenticar unha actuación administrativa concreta.
  - b) É un tipo de firma electrónica utilizada polas persoas empregadas que permite identificar e autenticar unha actuación administrativa concreta.
  - c) É un tipo de firma electrónica utilizada polas Administracións Públicas que permite identificar e autenticar unha actuación administrativa automatizada concreta.
  - d) É un tipo de firma manuscrita utilizada polas Administracións Públicas que permite identificar e autenticar unha actuación administrativa manual concreta.
98. Cal dos seguintes non é un prestador de servizos de certificación?
- a) FNMT
  - b) IZENPE
  - c) AACCVV-firma
  - d) Camerfirma
99. Cal é a data de fin de soporte de Windows 10?
- a) 14/10/2025
  - b) 14/10/2035
  - c) 14/10/2024
  - d) Xa está fora de soporte
100. Cal é a data de fin de soporte de Windows 2008 server?
- a) 14/02/2024
  - b) 14/02/2025
  - c) 14/03/2030
  - d) Xa está fora de soporte, foi o 14/02/2020

